



CONCELLO DE PARADELA



EDICION

Premio Literario

MANUEL
ORESTES
RODRIGUEZ
LOPEZ

de Narrativa e Poesía

"V EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ"

Modalidade: Narrativa e Poesía

PRIMEIRA: Establécese un premio de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de mil novecentos e nove. Presentaránse o Rexistro de entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Achegarásese un sobre no que figure o devandito lema e dentro unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axustada ás normas contidas na Base segunda. Abriránse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participar en ámbolos dous apartados; deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela, emitirá o seu fallo no mes de decembro de mil novecentos noventa e nove e farase público polos medios de comunicación, o Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó auto de entrega de premios que terá lugar en Paradela o día 13 de Febreiro do ano 2.000.

SÉTIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, setembro de 1.999



Manuel Orestes Rodríguez López